

ANEXO VI

“PLAN DE CONTINXENCIA” CURSO 2020-2021

O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe de Toques ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso da suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa ou na totalidade do centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

1. Non asistirá ao centro aquel alumnado, persoal docente, persoal non docente e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno mostre indicios e comece a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", en virtude da mesma:

- Levarase á aula COVID situada no segundo corredor do centro de uso individual.
- Colocaráselle unha máscara FFP2 sen válvula ou cirúrxica (tanto ao alumno ou ao traballador do centro que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado, que deberá tomar as medidas individuais e colectivas de protección).
- Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- A persoa acompañante ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta e seguiranse as súas instrucións.
- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

3. No caso de ser persoal docente ou non docente do centro o que mostre síntomas, debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara,

contactar co centro de saúde e seguir as instrucións do mesmo ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo, tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro:

- A persoa coordinadora do equipo formado en COVID-19 incluíra na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información
- O equipo COVID ten a obriga de segredo profesional sobre os datos dos que teña coñecemento.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra/centro de saúde para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguíanse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

7. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- **As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos** da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha **obriga de illamento durante 10 días**) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e **suspenderán, mentres dure este, a ensinanza presencial polo un período de 14 días**. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- **En función da intensidade e virulencia do gromo**, así como do número de persoas e niveis educativos afectados **a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo** onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 do protocolo de actuación proposto polas consellerías.

8. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

9. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

10. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. As titorías manteranse no horario habitual mediante cita previa e realizaranse de forma virtual ou mediante chamada telefónica. Os medios de contacto das familias co centro e co profesorado serán os seguintes:

- Abalar Móbil
- Correo corporativo do centro: ceip.toques@edu.xunta.gal
- Correo corporativo do profesorado.
- Teléfono do centro: 881960400

b) Manter actualizada a páxina web con información relevante para a comunidade educativa.

c) A **Aula Virtual** (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdetoques/aulavirtual/>), será o medio preferente de seguimento e continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe durante a posible suspensión de presenza nos centros.

d) Dotar na medida do posible de ferramentas dixitais a aquelas familias que o precisen.

e) Teremos en conta aqueles casos onde, temporalmente ou de forma habitual, teñan problemas de conectividade para realizar este tipo de tarefas, habilitando un mecanismo de seguimento por outros medios, procurando facerlle chegar material fotocopiado, bibliografía, libros de texto e calquera outro material ou recurso preciso, e para tal fin, procuraremos a colaboración de axentes externos como rede de familias do centro, servizos sociais ou outros que se estimen oportunos para cada caso en concreto.

f) O traballo telemático dos diferentes cursos será da seguinte forma:

- O alumnado de **Ed. Infantil** continuará coa súa formación a distancia mediante a realización de tarefas diarias. Estas tarefas terán un compoñente formativo, co que poidan continuar desenvolvendo as súas competencias e destrezas, así como un compoñente lúdico e reconfortante para evitar crear neles unha sensación de inestabilidade. Continuaremos con unha canle de difusión telefónica dirixida ás familias así como empregar a Aula

Virtual do centro, onde o profesorado poderá engadir as tarefas e realizar o seguimento do alumnado.

- O alumnado de **1º, 2º, 3º e 4º de primaria** empregará a Aula Virtual do centro. Cada alumna/o ten a súa conta creada na aula virtual e realizarase un recordatorio das claves de acceso as familias. Nesta aula virtual o alumnado terá actividades interactivas e recursos dixitais para o repaso e a continuidade do traballo de aula.
- O alumnado de **5º e 6º de primaria** traballará empregando a plataforma EVA do proxecto EDIXGAL. Este alumnado poderá traballar de forma online e offline, polo que procuraremos a descarga de todo o necesario no centro de forma habitual para que o teñan dispoñible no caso de suspensión da presenza no centro por un abrocho.
- De forma xeralizada, realizaremos con todos os cursos videoconferencias (mediante a plataforma Cisco Webex ou aquela proporcionada pola Consellería durante o curso 20/21 e/ou chamadas telefónicas, mediante un horario organizado polo profesorado, para favorecer o seguimento do alumnado.

Plataformas editoriais para a educación non presencial	
4º,5º e 6º Ed. Infantil	Aula Virtual e canles de difusión para as familias. Blog de aula
1º,2º e 3º Ed. Primaria	Aula Virtual, E-vocación Santillana e unha canle de difusión para as familias.
4º Ed. Primaria	Aula Virtual e E-vocación de Santillana
5º e 6º Ed. Primaria	EVA EDIXGAL

g) As familias poderán solicitar TITORÍAS durante actividade non presencial mediante Abalar Móbil. As titorías realizaranse no horario habitual de atención presencial, os Luns de 15:30 a 16:30.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA

PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

Logo da última actualización do protocolo de adaptación á situación COVID-19 emitido pola Consellería, quedamos á espera da definición das fases máis información sobre este punto.